

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O Departamento poderá organizar durante o curso académico actividades destinadas a completar a formación do alumnado, para o que realizará diferentes visitas fóra do centro. As previstas inicialmente son

- De producirse unha visita organizada para o alumnado de 1º de Bac. xunto con outros departamentos didácticos á Casa das Ciencias ou O Domus, o Departamento de Filosofía sumariase a esa iniciativa.
- Exposición “Tempo ao tempo” no MARCO de Vigo, para o alumnado de Filosofía I.
- Relacionado con varios temas de Filosofía I, entre eles A actividade productiva e a técnica, e formando parte do Proxecto interdisciplinar COCIÑA COOLtural, coordinado desde a Biblioteca, prevese a realización dalgún pequeno traballo de campo que requirirá unha visita ao mercado municipal ou a algún outro lugar significativo no proceso de produción ou transformación de alimentos.
- Coincidindo co tema de Filosofía I, A actividade estética, pode realizarse un paseo pola cidade para ser contemplada desde a experiencia estética poñendo en práctica os criterios de avaliación artística desenvolvidos na unidade.
- Asistencia a un xuízo, indicado para alumnado de Introducción ás Ciencias Políticas e Socioloxía así como para o de ética e Filosofía do Dereito

O departamento valorará a conveniencia de sumarse a calquera outras que poidan xurdir segundo as ofertas que se promovan desde Vicedirección.